



II CONGRESO INTERNACIONAL NATUREZA E IMAXE

Do 8 ó 16 de maio de 2010

Natureza • Proxeccións audiovisuais • Cursos e obradoiros de fotografía • Exposicións e maratón fotográfico • Obradoiros de observación ornitolóxica • Obradoiros de ilustración • Charlas divulgativas

Coordinación: CEIDA. Castelo de Santa Cruz, s/n 15179 Liáns, Oleiros (A Coruña). Tel 981 630 618. www.ceida.org

10:00 Photo B

Internet é un punto de encontro de vital importancia no desenvolvemento da fotografía da natureza. Pablo e Carlos Briones, fundadores e administradores da web www.photo-b.net, ofrécennos as claves do éxito desta posibilidade de compartir unha afección.



10:40 Flores. Nieves Caballero

As flores son uns dos motivos fotográficos máis frecuentes. A enorme biodiversidade da Península Ibérica posibilita poder obter imaxes de grande interese.



11:00 Mundo Invisible. Paco Alarcón

Cando nos mergullamos no terreo do diminuto, na microfotografía, descubrimos un novo mundo de gran beleza plástica.

11:20 Northtumberland. Fran Nieto

A costa do Reino Unido está repleta de santuarios de nidificación para as aves acuáticas. Un destes lugares, as Illas Farne, foi visitado polo fotógrafo galego, que tamén percorreu algúns dos bosques próximos a Escocia.

11:35 Fotógrafo de monte. José Larrosa

A fotografía da natureza supón un importante coñecemento do medio que se intenta reproducir e, ademais, unha gran paixón. Esta é, ás veces, a única forma de compensar o enorme esforzo que supón cada foto realizada.

11:50 Descanso

12:10 Trala esencia da natureza.

Arkaitz Morales

A través deste audiovisual, Arkaiz Morales, especialista en fotografía de paisaxe, móstranos a súa peculiar evolución nesta parcela fotográfica. A cor foi deixando paso ao monocromo, tratando de captar a esencia da natureza en todas as tomas.

12:25 Time Lapse. Nilo Merino

As novas tecnoloxías dixitais posibilitan a exploración de novas formas de expresión fotográfica. Nilo Merino Recalde, pese a súa corta idade, é un experto internacional no uso dunha cámara fotográfica para captar o transcórreo do tempo.

13:00 Audiovisual da DOMUS

13:45 Fotógrafos da Natureza arxentinos

Arxentina goza dunha situación xeográfica envexable que permite a existencia de múltiples ecosistemas. Neste audiovisual, realizado pola Asociación de Fotógrafos da Natureza Arxentinos, acercámonos as súas paisaxes e aos animais que nelas habitan.

14:00 Sinfonía de montaña. Tato Roses

Trekking e paisaxes de alta montaña en diferentes países do mundo da man deste escritor, fotógrafo e montañeiro.



14:15 Gallaecia natura. Marcos Veiga

16:00 Insectarium Virtual. Antonio Ordóñez

A rede ofrece posibilidades ilimitadas á hora de divulgar e facilitar estudos de alto nivel sobre a nosa fauna. Insectarium virtual é un proxecto científico que trata de achegar a nosa fauna máis diminuta aos ollos do estudioso e do curioso.

16:30 Un Instante coa Natureza. Kiko Arcas

Un audiovisual para gozar do traballo realizado por este fotógrafo durante os últimos dous anos. Nel podemos ver algunhas imaxes de fauna e flora da xeografía española: Pirineos, Doñana, Picos de Europa... e de Galicia, a súa terra natal. Paisaxes, réptiles, mamíferos e a súa grande paixón, as aves, serán o tema principal deste audiovisual.

16:45 Ría de Ortigueira e Ladrado, unha escala ornitolóxica. Calidris

A ría de Ortigueira é un enclave moi importante

no paso e internada de gran cantidade de aves anátidas e limícolas, amparadas por un contorno de gran beleza, ao abrigo de magníficos acantilados coma os de Herbeira no seu límite Oeste e as ribeiras de Céltigos e Loiba cara o Este. A asociación ornitolóxica **Calidris** desvélanos algúns dos seus segredos mellor gardados.

17:00 Realización de vídeo en Galicia. Ramiro J. Freire

Galicia conta con excelentes localizacións e contidos para realizar audiovisuais de natureza ao máis alto nivel. Ramiro J. Freire ensínanos algún dos seus lugares favoritos.

17:30 Courel. Manuel Lemos

A serra do Courel é punto de encontro dunha coexistencia pacífica do home e a natureza que se prolonga dende hai milleiros de anos.

18:00 Audiovisual da DOMUS

EXPOSICIÓN: Natureza e Paisaxe.

Manuel Lemos

Do 3 ao 21 de maio na Domus.

Aberto de 10 a 19 h. de luns a domingo.

40 fotografías de tamaños variados a través das cales o público poderá realizar unha viaxe contemplando a diversidade de paisaxes e a variada natureza galega.



© Manuel Lemos

EXHIBICIÓN: Cetrería + TALLER: Digiscoping e macrofotografía

Sábado 15 de maio nos xardíns de Méndez Núñez.

Horario: de 11 á 20 h.

Profesionais da cetrería e da fotografía estarán a disposición do público para falar das diferentes “artes” e facer ao mesmo tempo exhibicións nas cales o público poderá participar activamente.



Maratón fotográfico na Coruña

Fotografía de natureza urbana.

Domingo 9 de maio no Obelisco ás 11 h.

Inscripción previa ou no mesmo día.

Consultar bases en www.ceida.org ou en www.fotoartus.com



© Calros Silvar

TALLER: Ilustración da natureza

Impartido por Calros Silvar.

Do 12 ao 15 de maio na Aula da Natureza de Crendes.

Horario: de 19 a 21 h. excepto o sábado 15 de maio, de 10 a 13 h

Custo: 20 €

O programa inclúe técnicas de expresión, forma e proporción, valoración tonal, técnicas de representación, noción de perspectiva artística, caderno de campo.

EXPOSICIÓN: Unha ollada natural.

Calros Silvar


Do 30 de abril ao 31 de maio na Aula multimedia do Concello de Abegondo.

Aberto de 9 a 14 h de luns a venres.

24 láminas con ilustracións de flores, fungos, fentos, insectos, anfibios, paxaros, grandes e pequenos mamíferos, e outros, que, como se de fotografías se tratasen, amosan ata o máis mínimo detalle a fermosura da natureza que nos rodea.



© Calros Silvar



© GN Hábitat

EXPOSICIÓN: Fotografías do Grupo Naturalista Hábitat

Do 8 de maio ao 5 de xuño na Sala de Exposicións do Concello de Cambre.

Samosteiro, 4º B.

Aberto de 11 a 13 h. e de 16 a 20 h. de luns a venres. Sábados de 11 a 14 h.

Mostra que recolle as mellores imaxes deste grupo naturalista que leva mais de 25 anos realizando campañas de divulgación e diversos estudos sobre o medio natural galego.

Saída fotográfica ao río Mero

Sábado 5 de xuño ás 17.30 h.

Aberto ao público en xeral.

Inscripción previa.

Itinerario polo río Mero acompañados polo fotógrafo galego Fran Nieto, co fin de que os asistentes aprendans a optimizar o uso da súa cámara dixital en espazos naturais.

Máis información en www.ceida.org





TALLER: Observación ornitolóxica, digiscoping e macrofotografía

Sábado 8 de maio na Ría do Burgo.

Horario: de 11 a 20 h.

Colaboración do Grupo Naturalista Hábitat.

A Ría do Burgo a pesar de ser un humidal cunha forte presión antrópica, presenta un alto valor ornitolóxico. O paseo litoral que o rodea permite que multitude de persoas se acheguen para gozar da paisaxe, dos paseos e por suposto da observación das aves mariñas.

Prismáticos, telescopios e material fotográfico dispoñibles para a realización da actividade.

EXPOSICIÓN: Antártida. Carlos Caraglia

Do 7 ao 28 de maio no Xardín Botánico da Ría do Burgo.

Aberto de 18 a 21 h. de luns a venres.

Imaxes que axudan a comprender a grandiosidade deste escenario de xeo, con paisaxes que parecen ilustracións dun conto de fantasía, entre inquietantes e monumentais.



© Carlos Caraglia



© Fran Nieto

CURSO: Iniciación á fotografía da natureza

Impartido por Albert Masó e Fran Nieto.

Sábado 15 de maio no Castelo de Santa Cruz.

Horario: de 10 a 14 e de 16 a 20 h.

Prazas limitadas.

Custo: 50 €.

A fotografía dixital ofrece un mundo de posibilidades a hora de coñecer o noso contorno natural. Fotografar paisaxes, flora ou fauna nos axudará a valorar o patrimonio natural.

EXPOSICIÓN: Galicia, camiño celeste.

Xurxo Lobato

Do 5 abril ao 31 maio no Castelo de Santa Cruz.
Aberto de luns a venres de 10 a 14 h. e de 16 a 19 h. e sábados de 11 a 14 h.

25 fotografías aéreas de gran tamaño que amosan a Galicia que construímos e a que, malia as dificultades e as catástrofes, estamos dispostos a recuperar.



© Xurxo Lobato

Test de Biodiversidade
nas Brañas de Sada

O domingo 9 de maio, aberto
ao público en xeral.

O martes 11 de maio,
dirixido á mocidade do Concello.

Colabora a SGHN Delegación das Mariñas

Consiste na elaboración un inventario de fauna e flora usando como ferramenta cámaras dixitais.




As Brañas de Sada, agochadas no ámbito metropolitano dunha comarca fortemente urbanizada, é un dos humidais que están actualmente en perigo. A pesares diso,



permanece como o pulmón da localidade sadense e mantén unha serie de valores naturais e paisaxísticos que é preciso dar a coñecer e protexer.

Mais información en www.ceida.org



© Fran Nieto

EXPOSICIÓN: O límite do mar. Fran Nieto

Do 1 ao 17 de maio na casa da cultura Pintor Lloréns.

Aberto: de 9 a 14 h. e de 16 a 20 h. de luns a venres. Sábados de 10 a 13.30 h.

22 imaxes de cantís, praias e outros recunchos comprendidos entre o cabo Prioriño e a praia de Valdoviño, un tramo de costa cunha gran beleza.

ORGANIZAN



COLABORAN

